Para os maiores da casa

O mar cobre a maior parte do noso planeta. Nel viven miles de especies animais que nos proporcionan alimento. Cando o mar se achega ás nosas costas, gozamos de fermosas praias que nos axudan a descansar e a divertirnos. Pero como todas as cousas valiosas, temos que ser nós os que coidemos este tesouro de sol, auga e area, respectando a súa hixiene para que as praias e o mar estean limpos sempre, e procurando non molestar ás persoas que gozan da praia á vez que nós.

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
www.sogama.es

# Limpiña: a praia máis bonitiña

De 5 a 8 anos



Conto educativo para colorear

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

# LIMPIÑA: a praia máis bonitiña



Depósito Legal: CO-767-2007
Autor: Francisco J. Valverde
Ilustrador: Fernando García Herrera
Imprime: Argos Impresores
Limpiña: a praia máis bonitiña

Edita:
Iniciativas Medio Ambientales, Ciclo Verde, S.L.
Av. De la Torrecilla 39
14005 Córdoba
T: 957 760053 | F:957 434266
www.cicloverde.com | ventas@cicloverde.com



Son unha praia moi bonitiña. Son bonita porque sempre estou moi limpa.



Ai, que risaaaaaaaaaaaa...!!! que cóxegas!!!



Perdoádeme pero é que me dá moita risa cando as ondas me tocan as beiras....
As ondas sempre son así. Nunca paran.



Non o poden evitar. O vento móveas e elas van e veñen divertidas e un pouco travesas.



Tráenme escuma, estrelas de mar e cunchas.
En realidade nunca sabes que che van traer as ondas...



En inverno fai un pouquiño de frío e estou máis soa, aínda que sempre hai persoas que pasean, len un libro, ou miran cando o sol se esconde e se emocionan tanto que se dan un bico, un bico tan bonito como o ceo que están mirando.



En verán uffffffffffff, entón hai moita máis xente... Pero que moita máis... Estou chea de nenas e nenos e de persoas maiores que me visitan e pásanno moi ben coa area, o sol e o mar.



Tamén estou chea de parasois. Parasois de cores divertidas que a min me dan alegría con tanto colorido.



Pero non creades que sempre estou contenta...!!! Ai!!! Pois noooooooooonnn... A verdade é que, ás veces, téñome que poñer tan triste, tan triste que nin as ondas me poden divertir.



Ponme moi triste cando vexo que algunhas persoas xogan á pelota e outros xogos, e non respectan ás demais persoas que queren estar tranquiliñas a descansar na area.



E os máis porcalláns ata tiran cabichas de cigarros e outras cousas entre os meus grans de area.



Tamén me pon triste e dame pena cando algunhas persoas deixan soltos aos seus cadelos e non se preocupan de evitar que salten e brinquen, ladren e molesten.



Pero sobre todo non me gustan esas persoas ingratas, que pasándoo tan requetebén na praia, despois de comer, ou de beber calquera cousa, tiran o seu lixo nas miñas areas, e entón póñome seria e véxome moi fea. Requetefea.

Non sei porque o fan así, pois as praias limpiñas temos papeleiras para que boten todas esas cousas, e algunhas tamén dispoñemos de contedores de recollida selectiva. Se non os tiveramos, sempre os poderedes atopar nas rúas da localidade máis cercana.



Recordade que no contedor amarelo debedes depositar os envases de plástico, as latas e os briks, no azul, o papel e cartón, no iglú verde, as botellas, tarros e frascos de vidro, e no xenérico, o resto.



¿Pero ademais sabedes que pasa?
Que como as ondas sempre andan un pouco revolvidas, non se dan conta e lévanse para dentro do mar latas, plásticos, botes de cristal, ou calquera cousa que quede abandonada na praia.



E o mar, que ten tanta beleza, pode suceder que un día pareza un vertedoiro de lixo...



Eu chámome Limpiña e son unha das praias máis bonitas da Costa da Morte, no noroeste de Galicia. .. E son feliz cando estou chea de persoas. De persoas ben educadas.



Se me visitades e me coidades, eu regalareivos cada día aire fresquiño, ondas divertidas cheas de escuma, bucinas e cóxegas.

# ACTIVIDADES

Leva cunha frecha os distintos materiais ao contedor de recollida selectiva correspondente.



Na praia pásase moi ben, conta as tres cousas que máis che gusta facer cando vas:

1 - ...............................................................................................................

...................................................................................................................

2 - ...............................................................................................................

...................................................................................................................

3 - ...............................................................................................................

...................................................................................................................

Debuxa as cousas que a Limpiña lle gusta que estén na súa area.



Nesta outra parte debuxa as cousas que poñen triste a Limpiña cando están na súa area.



Leva cunha frecha ao mar os animais desta relación que creas que poden viver nel. Os demais déixaos no seu sitio porque senón afogarían.



Quenlla

Balea

Cegoña

Tartaruga

Cabra

León

Andoriña

Cangrexo

Crocodrilo

Investiga un pouquiño porque hai dous animais desta lista que viven no mar pero tamén saen á terra.

¿Saben cales son?